

As mentiras do BNG de As Pontes



Seguiremos a combater a propaganda...

Non te deixes enganar. Infórmate.

Comité de Empresa e Xunta de Persoal do Concello das Pontes

As Pontes de García Rodríguez

AS MENTIRAS DUN GOBERNO MUNICIPAL QUE SE ENFRONTOU COS SEUS TRABALLADORES E TRABALLADORAS



Nº 1

Iniciamos unha serie de publicacións encamiñadas a informar á cidadanía das Pontes da política que, en materia de xestión de persoal, desenvolveu o actual goberno municipal, que ten a ben definirse como un goberno de esquerdas, defensor das clases populares e da igualdade de xénero.

1ª Mentira: Os soldos do Concello son moi altos e danse nun contexto de excepcional estabilidade laboral.



a) No Concello, segundo os cadros do orzamento municipal para o ano 2006, traballan

56 funcionarios e funcionarias
117 traballadoras e traballadores

Desas 117 persoas con contrato laboral, só 4 son laborais fixos, as demais están clasificadas como persoal indefinido ou temporal.

Isto dá unha taxa de precariedade para o persoal laboral do:

96,58%

b) Así mesmo, no Concello hai

69 traballadoras/es (58,97%)

con soldos anuais brutos inferiores a:

13.380,46 € (862'08 €/mes líquidos)

Das cales 10 mulleres cobran soldos inferiores a 600 € mensuais.

As categorías con soldos máis baixos son as que están feminizadas, é dicir, desenvoltas maioritariamente por mulleres e todo isto malia ter aprobado o plano de igualdade de oportunidades 2005-2007.

En catro anos con maioría absoluta, este Goberno Municipal non atopou nin os medios nin os cartos para resolver esta situación. Non obstante, non perdeu ocasión de acusar aos traballadoras e traballadores de manter un conflito político fronte a un 'gobierno progresista'.

Pregamos aos cidadáns e cidadanas do Concello, sensíbeis en relación aos dereitos laborais, que comparen a calidade e a motivación de todas e cada unha das sentenzas, mesmo das que o Concello presenta como gañadas.

c) Sentenzas pendentes:

1. Querrela criminal contra o Alcalde e Concelleiros do BNG polos presuntos delitos de prevaricación e coaccións a membros da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa.
2. Premio económico concedido á anterior Secretaria do Concello (xullo 2006).
- 3.- Denuncia dun Policía Local por coaccións do Sr. Alcalde.
- 4.- Denuncia por privación ó Presidente da Xunta de Persoal dos seus dereitos e liberdades sindicais, por parte do Sr. Alcalde.
5. Consolidación do nivel 25 do complemento de destino dun membro da Xunta de Persoal.



Seguiremos a combater a propaganda...

Non te deixes enganar. Infórmate.

Comité de Empresa e Xunta de Persoal do Concello das Pontes

As Pontes de García Rodríguez

AS MENTIRAS DUN GOBERNO MUNICIPAL QUE SE ENFRONTOU COS SEUS TRABALLADORES E TRABALLADORAS



Nº 2

Despois do éxito da primeira entrega, continuamos coa serie de publicacións encamiñadas a informar á cidadanía das Pontes da política que, en materia de xestión de persoal, desen-volveu o actual goberno municipal, que ten a ben definirse como un goberno de esquerdas, defensor das clases populares e da igualdade de xénero.

2ª Mentira: As sentenzas veñen a darnos a razón no conflito cos traballadores.



a) Sentenzas gañadas polo Concello das Pontes:

1. Despedimento dunha traballadora (despois de que o tribunal de 1ª Instancia apreciase persecución sindical).
2. Non admisión da pretensión dos funcionarios de que as cantidades fixas pagadas en concepto de produtividade con carácter mensual fosen consideradas parte do soldo (O Concello castigou aos funcionarios e funcionarias do Concello que criticaban a súa actuación quitándolles parte das retribucións negociadas en anos anteriores).
3. Non admisión da pretensión sostida polo persoal laboral de que a xornada que viñan realizando desde anos atrás fose considerada un dereito adquirido (O goberno municipal modificou unilateralmente os horarios dos traballadores e traballadoras do Concello).

b) Sentenzas gañadas polos traballadores e traballadoras do Concello:

1. Despedimento improcedente dunha traballadora do Conservatorio de música (Declarada a improcedencia o Concello indemnizou a traballadora cos cartos de todos os ponteses e pontesas).
2. Nulidade do proceso selectivo que deu lugar ao despedimento anterior (O Concello estaba a amañar procesos selectivos).
3. Expediente contra a traballadora social do Concello (ao Sr. Alcalde moléstalle que se cuestionen as súas ordes).
4. Expediente disciplinario contra a presidenta do Comité de Empresa (Ao Sr. Alcalde moléstalle a solidariedade entre traballadores/as). Esta sentenzia non chegou a dictarse por desestímulo do Concello.
5. Nulidade do Decreto no que se establecen os horarios dos funcionarios e funcionarias do Concello de As Pontes. (É o mesmo decreto que o que establece o horario do persoal laboral).
6. Nulidade dos decretos de reparto da produtividade por non estar motivada (O alcalde segue a dar cartos aos seus amigos e a castigar economicamente ao persoal que se atreve a protestar, nun claro exemplo de 'administración progresista, de esquerdas e nacionalista').
7. Denuncia polos servizos mínimos impostos (non negociados), declarados abusivos polo Xulgado, en dúas das folgas convocadas polos traballadores.
- 8.- Demanda pola falta de medios e de información por parte do Concello non se facilitou o comité, para poder acomete-las funcións que lle son propias. Por esta causa xa foi sancionado o Concello con 3.000 €.
9. Sobreseimento da denuncia do Alcalde solicitando permiso para o visionado dos discos duros de varios ordenadores das oficinas.

Pregamos aos cidadáns e cidadás do Concello, sensíbeis en relación aos dereitos laborais, que comparen a calidade e a motivación de todas e cada unha das posturas mantidas en torno a este problema, mesmo as que mantivo o Concello.

Seguiremos a combater a propaganda...

Non te deixes enganar. Infórmate.



Comité de Empresa e Xunta de Persoal do Concello das Pontes

As Pontes de García Rodríguez

AS MENTIRAS DUN GOBERNO MUNICIPAL QUE SE ENFRONTOU COS SEUS TRABALLADORES E TRABALLADORAS



Nº 3

Xa falamos da precariedade laboral no Concello e da Xudicialización dun conflito que nunca tocou aspectos que non fosen laborais.

Imos tratar agora sobre a situación das mulleres no Concello.

3ª Mentira: Considérase que non existen indicios razoables que permitan afirmar a existencia de discriminación por razóns de xénero.



Desde Outubro de 2003 no que se iniciou o conflito laboral existente no Concello, a parte sindical sempre destacou o tratamento diferenciado que sofren as mulleres traballadoras no Concello.

En 2005 enviamos un escrito denuncia (un folio mediado) ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI).

A Alcaldía do Concello enviou un escrito con dez apartados negando as denuncias e comunicando que 'os seus autores poderían ser responsables da comisión dun delito de acusación ou denuncias falsas, coaccións, inxurias ou calumnias, perseguibles penalmente'.

Co cambio do Goberno na Xunta, a Alcaldía sentiuse con forza para solicitar información en relación ao 'estado de tramitación dun expediente iniciado a través de denuncia asinada o 23 de febreiro de 2005'.

O SGI non debía telas todas consigo cando comunicou que 'a data de hoxe, non existe constancia documental da adopción de ningún tipo de resolución ao respecto' e limitouse a facer a 'consideración' (¿?) de que non existen indicios razoables de discriminación por razóns de xénero.

As traballadoras e traballadores do Concello das Pontes afirmamos en todos os nosos escritos e alegacións que este é un tema o suficientemente importante como para xustificar unha negociación específica.

1. Nas táboas de salarios, pódese detectar que **tamén no Concello das Pontes se discrimina á muller**. Dentro de cada categoría correspondelles, con carácter xeral, os **soldos máis baixos**. Non existe racionalidade no sistema salarial e o Goberno municipal nunca quixo entrar a negociar este tema, nin entregou a información sistematizada que reiteradamente se lle pediu.
2. Tamén na precariedade laboral, correspóndelle á muller un papel desgrazadamente destacado. No Concello, en xeral, os **índices de precariedade son escandalosamente altos**, fóra de calquera racionalidade organizativa e, **malgunhas categorías, ocupadas maioritaria ou totalmente por mulleres, acada o 100%**. Tampouco isto parece ser unha materia digna de negociación para os actuais gobernantos do Concello.
3. Non podemos deixar de destacar que neste Concello, o Concello de Víctor Guerreiro Pena, de concelleiros como Gato ou Quico da Silva, as principais destinatarias dos intentos de tomar medidas disciplinarias foron mulleres. O Concello actuou contra varias mulleres de forma impropia, esaxerada, violenta e, desde o punto de vista da representación sindical, coa intención de atomizar ao persoal.

Discriminación -negativa- das mulleres como norma no Concello das Pontes de García Rodríguez? Dende logo non se pode falar de discriminación positiva, dado que non existe ningún plano especial para a igualdade no Concello. **Págase menos aos colectivos feminizados**. Ese é un dato verificable por quen queira facelo. Mírense as táboas. Págaselles menos por seren mulleres ou págase menos as funcións ás que se achegan as mulleres? O resultado final é idéntico e a **falta de vontade política para resolver o problema** tráse das propias actas dos plenos do Concello, da inexistencia de medidas normalizadoras, correctoras dos desequilibrios 'históricos'.